

EDITORIAL: Crise, cambios e ameazas

Cad Aten Primaria
Ano 2011
Volume 18
Páx. 2-2

Os médicos de familia poden presumir de ser os profesionais sanitarios máis polivalentes, pero tamén máis versátiles e con maior capacidade de adaptación. Mentres vemos que en determinados círculos non se decataron do que significa a crise e non parece cambiar o xeito de facer as cousas no noso medio fomos conscientes da nosa responsabilidade na sustentabilidade do sistema sanitario ante unha situación de crise económica e social que lle afecta directamente —sen ser responsable da súa orixe—, respondemos asumindo a diminución do gasto, apostando por unha maior eficiencia na utilización dos recursos dispoñibles, a prescrición entre eles, e nunha mellor e máis flexible organización dos nosos servizos, traballando, en suma, por aumentar a nosa capacidade resolutiva.

Este compromiso coa sustentabilidade debe ir da man da denuncia das estratexias e medidas do goberno que poñen en perigo a universalidade da asistencia, sinalando ademais falsos culpables como acontece no recente real decreto de medidas para a sustentabilidade do sistema sanitario no que se pretende deixar fóra da atención sanitaria a colectivos tan vulnerables como os inmigrantes en situación irregular. A presión dos colectivos sociais, entre eles a nosa sociedade, conseguiu que na nosa comunidade se suavizara a aplicación desta ameaza. Podemos, nisto, estar orgullosos do resultado das nosas mobilizacións e iniciativas como a chamada á obxección de conciencia a esta norma aos nosos socios e a todos os médicos de familia e sanitarios en xeral.

A AGAMFEC non pode ser allea a esta situación social e este ano reconvertemos o noso congreso anual nunhas xornadas intensivas de marcado carácter formativo expresado nos seus numerosos talleres prácticos que entendemos abarca todos os campos da polivalencia do médico de familia. Atención primaria de consulta, urxencias, críticos, paliativos... para que ninguén que se considere médico de familia se sinta excluído. Ademais, realizando o esforzo de facelo a un prezo case testemuñal para os nosos novos residentes, que deben estar no noso punto de mira como obxectivo estratéxico fundamental.

Tamén a adaptación chegou á nosa entrañable *Cadernos*. A partir de agora irá desaparecendo o formato en papel e irase adecuando aos novos tempos dixitais acomodándose na nosa web, para ser accesible desde calquera lugar e en todo momento e co compromiso de poñer toda a tecnoloxía ao seu servizo para poder mellorar os contidos e o seu soporte con ferramentas como o vídeo, tan importante en determinados campos da formación en medicina de familia.

Se somos capaces de contribuír a soste-lo sistema nacional de saúde, é evidente que poderemos soste-lo e fortalecer a nosa sociedade, a nosa oferta formativa e os nosos medios de comunicación cos socios todos eles elementos clave da nosa razón de ser como médicos de familia.

Jesús Sueiro Justel
Presidente de AGAMFEC